

Vivenda



Cociña



Latrina

Para concepción dos edificios domésticos utilízase a medida tradicional guatemalteca que é a vara que mide 0,836 metros. Para todos os lotes existe un único modelo de latrina que vai modificando a súa posición dentro do lote. As cociñas seguen dous modelos diferentes, un no que as estancias de cociña e comedor están separados polos espazos de almacenaxe e o outro modelo no que os espazos de almacenaxe están nos extremos, dependendo do lote no que se localicen e a orientación respecto ao vento. A construción da vivenda utiliza o esquema de casca permitindo construír o básico para vivir dentro, unha cuberta e as paredes mínimas, posibilitando que as familias poidan completar posteriormente a súa vivenda. A orientación da vivenda deixa os dormitorios ao leste e as demais estancias ao oeste. Os tres modelos de vivenda corresponden á orientación dos corredores dianteiro e traseiro; se estes se encontran en extremos opostos, no mesmo extremo, ou se ocupan a parte dianteira e traseira completamente.














Salón comunal



Escola primaria



Tendas

Os equipamentos son todos construídos con bambú e con estilos de construción semellante. As formas dos equipamentos correspóndense ao tipo que vai ocupar o seu interior. Xérase a mesma forma para o centro de saúde e a auxiliatura, unicamente diferenciándoas a división interior, e o espazo cuberto e o salón comunal, tendo o último muros de peche. Os equipamentos relixiosos baséanse en elementos triangulares, facendo dúas construcións diferentes para a igrexa católica e a evanxélica. A escola primaria componse de tres espazos de aulas que conflúen nun pequeno espazo que servirá de patio. Pola súa banda o espazo das tendas é unha gran cuberta que protexe das inclemencias metereolóxicas ás distintas tendas que se constrúen sobre un chan elevado.

No proxecto todos os edificios presentan esquemas de montaxe que unen a arquitectura, a estrutura e a construción.

1/500
Escala 1/4000